En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a redacción da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)-Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) –Páramo (LU-P-4304)” (1.164M) e continuación provisional das obras mentres se redacta o proxecto modificado, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido.”.

A vista do expediente tramitado proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a redacción do proxecto modificado da obra O PÁRAMO.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)-Páramo (LU-P-2904)”, P.K. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) –Páramo (LU-P-4304)” (1.164M).

2º.- Determinar a continuación provisional das obras mentres se redacta a modificación do proxecto da indicada obra.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Primeira.- *Escrito do Concello de Trabada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 308 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Trabada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (308) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Trabada presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRABADA	308	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESOS A OUTEIRO, OLGUEIRA, A TRABADELA, DE O CASTRO A LOURO, O CÓMARO GORDO, A RAVEXA, DE SEQUEIRO ÁS CABANAS E Á IGREXA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	27.683,80€

5. Por acordo da Xunta de Goberno, de data 06/05/2022 aceptouse a adxudicación da obra indicada no cadro precedente, toda vez que foi realizada en data posterior á indicada como límite nas bases do Plan Único 2021.

6. Por escrito de data 22/03/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRABADA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESOS A VILARBETOTE, A RABEXA E DONGO	1531.76201	--	27.683,80€	27.683,80€

7. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os

investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Trabada, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Trabada e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TRABADA	REM	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE ACCESOS A VILARBETOTE, A RABEXA E DONGO	1531.76201	--	27.683,80€	27.683,80€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Cervantes, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 58-59-60-61-62 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Cervantes, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (58-59-60-61-62) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Cervantes presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CERVANTES	58	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A TRIGAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	8.393,04 €
	59	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS E REHABILITACIÓN DE FONTE EN PORCIS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	1.614,21 €
	60	REXENERACIÓN DOS ACCESOS DE O CHAO, DENDE A LU-P-0702 (DORNA), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	205,70 €
	61	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CHAOVILLARÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	2.015,77 €
	62	OBRA DE PASO SOBRE O RÍO CEREIXEDO NO LUGAR DE VEIGA (CEREIXEDO), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	3.250,00 €

5. Por escrito de data 04/05/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CERVANTES	REM	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN RIAMONTE DE ABAIXO	1531.76201	---	15.478,72€	15.478,72€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.



Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Cervantes, no Plan Único 2021.”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Cervantes e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CERVANTES	REM	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN RIAMONTE DE ABAIXO	1531.76201	---	15.478,72€	15.478,72€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Escrito do Concello de O Páramo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimentos 214-216-217-218 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Páramo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (214-216-217-218) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.



4. O Concello de O Páramo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O PÁRAMO	214	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A ADAI E GONDRAME, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	181,50€
	216	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE MOSCÁN (SANTA MARÍA MADANELA) E VILAFIZ (SANTA MARÍA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	132,39€
	217	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NA PARROQUIA DE RIBAS DE MIÑO (SANTIAGO), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	206,19€
	218	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE MOSCÁN (SANTA MARÍA MADANELA) E SA (SANTIAGO), INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	12.712,59€

6. Por escrito de data 05/05/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O PÁRAMO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESO EN CASTRO DE NEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,01€	13.232,67 €	13.232,68€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Páramo, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Páramo e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O PÁRAMO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESO EN CASTRO DE NEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,01€	13.232,67€	13.232,68€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS RELATIVOS AO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	131	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE-PISTA POUSADA, RUA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA, INCLÚIDO HONORARIOS	11.412,60€	126.646,58€	138.059,18€

4. O concello indicado chegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

5. A Alcaldía do Concello de Lourenzá a través de escrito de data 03/05/2022 solicita:

a) A modificación/ substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 131, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por condicións de Patrimonio non se pode realizar tal como estaba redactado...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	131	MODIFICADO: MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE-PISTA POUSADA, RUA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA, INCLÚIDO HONORARIOS	11.412,60€	126.646,58€	138.059,18€

6. A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que

deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Lourenzá que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	131	MODIFICADO: MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE-PISTA POUSADA, RUA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA, INCLUÍDO HONORARIOS	11.412,60€	126.646,58€	138.059,18€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 12.423,75 euros.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
SOLRED, S.A.	RK RK000000273	3/03/2021	12.423,75	Subm.combustible vehículos P.Móbil 2021/FAC-01/2817	SUBM.	Abril 2017	9201.22103 92022/3208
TOTAL			12.423,75 €				

Vista memoria xustificativa emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 3/05/2022 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 12.423,75 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 12.423,75 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
SOLRED, S.A.	RK RK000000273	3/03/2021	12.423,75	Subm.combustible vehículos P.Móbil 2021/FAC- 01/2817	SUBM.	Abril 2017	9201.22103 92022/3208
TOTAL			12.423,75 €				

Total 12.423,75 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS MUTUOS ACORDOS E FOLLAS DE APRECIO DESTA ADMINISTRACIÓN ACADADOS NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA OBRA FOZ.- ACONDICIONAMENTO LU-P-0210 "A SEARA (LU-160) - SAN ACISCLO (LU-152A), P.K. 5,100 AO 5,236.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Nesta Deputación está a tramitarse pola vía de urxencia o expediente expropiatorio FOZ.- Acondicionamento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”. P.K. 5,100 ao 5,236. De conformidade coa Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), propónse:

1º.- Aprobar a inclusión da parcela 7 complementaria no expediente expropiatorio, segundo o informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras o 18/03/2022, onde se xustifica a necesidade de ampliar a 18 m² a superficie expropiada da parcela 7, con referencia catastral 27019A027001210001YK, para a correcta execución das obras.

2º.- Tal e como establecen os artigos 24 e seguintes da LEF, achegáronse aos titulares de bens e dereitos do expediente expropiatorio as propostas de mutuo acordo, procedendo o seguinte:

Aprobar e propoñer o pagamento do importe do prezo xusto acadado como mutuo acordo cos seguintes titulares:

Nº parcela	Titulares	Depósitos previos (Acordo XG 28/01/2022)		Mutuos acordos	Importes a pagar
		Pagados	Consignados		
1	María Dolores Canoura Fernández	148,69 €	-	468,00 €	319,31 € (mutuo acordo – depósito previo xa pagado)
3	Ramón Fernández Pernas e Evangelina Pernas Fernández	45,43 €	-	143,00 €	97,57 € (mutuo acordo – depósito previo xa pagado)
6-A	Juan José Goás Sánchez	-	4,13 €	13,00 €	13,00 € (depósito previo consignado + diferenza co mutuo acordo 8,87 €)
6-B	María Celina López López, María Luisa López López e José Antonio López López	-	140,43 €	442,00 €	442,00 € (depósito previo consignado + diferenza co mutuo acordo 301,57 €)
7 complementaria	José Ramón Vázquez González	-	-	234,00 €	234,00 €
TOTALS:		194,12 €	144,56 €	1.300,00 €	1.105,88 € (dos que 144,56 € están consignados como depósitos previos)

Aprobar as follas de aprecio desta Administración, formuladas polo técnico do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, relativas aos bens e dereitos afectados dos titulares que non aceptaron o importe ofertado por esta Deputación, unha vez transcorridos os 15 días establecidos no artigo 24 da LEF para acadar o mutuo acordo. Igualmente, procede a súa consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial. Estes titulares son os seguintes:

Nº parcela	Titulares	Depósito previo consignado (Acordo XG 28/01/2022)	Folla de aprecio	Importe a consignar
5	Fermin Río Cela	53,69 €	177,45 €	123,76 € (folla de aprecio – depósito previo xa consignado)
TOTAIS:		53,69 €	177,45 €	123,76 €

De conformidade co artigo 30.2 da LEF, achegar a folla de aprecio fundada desta Administración, na que se concreta o valor do obxecto da expropiación, aos titulares cos que non se acadou acordo. No prazo dos 10 días seguintes de recibila, poderán aceptala ou rexeitala, facendo as alegacións que consideren oportunas.

O procedemento continuará coa remisión ao Xurado de Expropiación de Galicia das correspondentes pezas separadas, para os efectos legalmente establecidos, quedando consignados na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial os importes aprobados no apartado segundo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de



asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 41.000 € (corenta e un mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA TRABALLADORA DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona M^a Pilar González Gil, Ordenanza Subalterna do Cadro de Persoal Laboral Provincial, que ocupa o posto de Porteiro/a “A Extinguir, cumpre os 65 anos de idade o próximo día 9 de xuño de 2022, que terá recoñecidos 43 anos e 9 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 9 de xuño de 2022, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, en consecuencia, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 6 meses e que a citada traballadora non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de dereito.

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:



“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...].”

Á vista do sinalado anteriormente e do informe do Servizo de Recursos Humanos, e tendo presente que Dona M^a Pilar González Gil terá acreditado, á data do 9 de xuño de 2022, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 6 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo , propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da traballadora do Cadro de Persoal Laboral, Dona M^a Pilar González Gil, con efectividade do día 9 de xuño de 2022, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA SOBRE EXTINCIÓN DO CONTRATO LABORAL SUBSCRITO CUN CONDUCTOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Detectado erro material na proposta sobre extinción do contrato laboral, subscrito cun Condutor do Cadro de Persoal Laboral, por Declaración de Incapacidade Permanente no Grao de Total, aprobada pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 22 de abril de 2022, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proponse á Xunta de Goberno adopte acordo procedendo á corrección no seguinte sentido:

Onde dí:

“Visto que D. Félix Palacios Lagarón, Condutor do Cadro de Persoal Laboral, que ocupa o posto de Responsable II Taller, adscrito á Granxa Provincial, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 15 de outubro de 2020.

(...)”.

Debe dicir:

“Visto que D. Félix Palacios Lagarón, Condutor do Cadro de Persoal Laboral, que ocupa o posto de Responsable II Taller Cestería, adscrito a Outros Obradoiros e Actividades do CENTRAD na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 15 de outubro de 2020.

(...)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/4/2022 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE



**TÉCNICO SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓN INFORMÁTICAS,
INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 29.04.2022, apróbbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso, como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, nunha praza denominada Técnico/a Superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2019, acceso libre, polo sistema de concurso – oposición libre.

Producíndose erro material no punto 1º do acordo, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, proponse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde textualmente di:

“(…)

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	(…)	847/ 1331 953/ 1633	(…)	(…)	(…)	(…)

(…)”

2º.- Debe dicir:

(…)

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	(...)	953/ 1633	(...)	(...)	(...)	(...)

(...)"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 108/2022P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº108/2022-P interposto por D. Luís Rodríguez Díaz fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo matrícula 6891GHJ cando circulaba pola LU-C-1611, p.k.19.2 debido, segundo indica, ao choque cunha rama que se atopaba no medio do seu carril, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.